

## CERTIFICACIÓN

**Lucia Artime Alonso, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)**

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO CUARTO. CONVOCATORIA DO XXIII CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES. APROBACIÓN DAS BASES DE 2026 EXPEDIENTE GD 3096/2026**

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2026-2027, aprobado polo Pleno de 29.01.2026, ten prevista dentro das subvencións en materia de Normalización Lingüística estas axudas:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	PREMIOS CERTAME LITERARIO
OBXECTIVOS	Promover o uso do galego entre os habitantes do Concello de Ames
EFFECTOS PRETENDIDOS	Conseguir a participación activa de certos colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo Concello.
DESTINATARIOS	Persoas que presenten textos inéditos escritos en lingua galega
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2026-2027
CUSTE ANUAL PREVISTO 2026	3.800,00
CUSTE ANUAL PREVISTO 2027	3.800,00
FUNCIONAL	3343
ECONÓMICA	48104
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva

Figura no expediente Providencia da Alcaldía de inicio do expediente  
([CSV:15220IDOC274DE7E0BB5D7484CAE](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC274DE7E0BB5D7484CAE))

Figura no expediente informe proposta da area normalización lingüística municipal  
([CSV:15220IDOC272C058E153FD0541A4](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC272C058E153FD0541A4))

Figura informe de Secretaría, ([CSV:15220IDOC2A548563132A17F4198](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC2A548563132A17F4198))

Figura Informe de fiscalización favorable da Intervención municipal FRB202600196-F  
([CSV:15220IDOC2D98B5098FCAD041AE](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC2D98B5098FCAD041AE))

Por todo o que antecede a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde ( decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023) por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar as bases reguladoras do XXIII Certame Literario Concello de Ames 2026, e que figuran como Anexo I deste acordo.

**Segundo.** Aprobar a convocatoria do XXIII Certame Literario Concello de Ames 2026.

**Terceiro.** Autorizar o gasto por importe de 3.800,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3343.48104 do orzamento municipal vixente para o exercicio 2026.

**Cuarto.** Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

**Quinto.** Trasladar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para os efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## ANEXO I

### BASES DO XXIII CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES. NARRATIVA E POESÍA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias en materia de normalización lingüística (Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística), destina recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á normalización do uso da lingua galega nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras dentro do ámbito territorial do Concello de Ames.

#### 1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

#### 2.- BASES ESPECÍFICAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade da convocatoria.

A convocatoria do Certame Literario Concello de Ames ten por obxecto impulsar a creación literaria en lingua galega e promover e difundir a cultura propia, como xeito de contribuír á normalización lingüística e cultural.

##### SEGUNDA.- Crédito orzamentario ao que se imputarán os premios.

O importe da consignación ascende a un total de 3.800 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3343.48104 do orzamento municipal vixente para o exercicio 2026.

##### TERCEIRA.- Importe dos premios a outorgar.

En cada modalidade do certame (narrativa ou poesía) establécense tres categorías e, en cada categoría, tres premios coa dotación económica que se especifica a seguir:

##### 1ª Categoría (ata os 13 anos)

1º premio: 200 euros

2º premio: 170 euros

3º premio: 140 euros

##### 2ª Categoría (dos 14 aos 17 anos)

1º premio: 230 euros

2º premio: 200 euros

3º premio: 170 euros

##### 3ª Categoría (18 anos ou máis)

1º premio: 300 euros

2º premio: 260 euros

3º premio: 230 euros

\*Para o cómputo da idade, establécense como data de referencia o **30 de abril de 2026** (día no que remata o prazo de entrega dos traballos participantes).

#### CUARTA.- Modalidades, categorías e requisitos dos participantes.

O certame ten dúas modalidades: NARRATIVA E POESÍA. En cada modalidade establécense TRES CATEGORÍAS, segundo a idade das persoas participantes. Na primeira categoría participarán persoas de ata 13 anos, na segunda de 14 ao 17 anos; e na terceira concorrerán persoas a partir de 18 anos.

Poderá participar nesta convocatoria calquera persoa física que presente textos inéditos de TEMÁTICA LIBRE, en narrativa ou poesía, escritos en lingua galega acordes con estas bases.

Os/as participantes menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

As persoas participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Non ter débedas en período executivo de pagamento co Concello de Ames no momento da concesión, salvo que o pagamento das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais, así como estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Ames e coa Seguridade Social. As persoas participantes presentarán declaración responsable de que se atopan ao corrente no cumprimento destas obrigas, tal e como consta no formulario da solicitude de participación no certame.
- Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que impiden obter a condición de persoa beneficiaria. A este respecto, as persoas participantes están obrigadas a presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo.
- Estar ao corrente de pagamento das obrigas por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

A participación na presente convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases reguladoras e a inapelable decisión do xurado.

A presente convocatoria de premios tramitarase na forma de concorrencia competitiva.

#### **QUINTA.- Prazo e lugar de presentación dos textos.**

Os textos poderán remitirse dende a data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o **día 30 de abril de 2026** (incluído) ao seguinte enderezo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames Avda. J. L. Azcárraga, nº 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña.

#### **SEXTA.- Forma de presentación dos textos e dos datos persoais**

As persoas participantes enviarán **catro exemplares** do texto, escritos a dobre espazo e tamaño de letra 12.

- En narrativa, a extensión mínima será de 2 páxinas e a máxima de 6.
- En poesía, a extensión mínima será de 20 versos e a máxima de 50.

Poderá presentarse un só traballo por persoa en cada unha das modalidades.

As obras presentaranse nun sobre baixo **pseudónimo**. Para garantir o anonimato, **nos textos non poden aparecer datos persoais nin sinaturas**. En cada un dos exemplares terán que figurar: **modalidade** (narrativa ou poesía), **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e **pseudónimo** do autor ou autora.

Acompañando os textos **introducírase un sobre pechado cos seguintes datos persoais**: nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal e electrónico e declaración responsable de non estar incurso/a en supostos que impidan obter a condición de beneficiario/a e de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Para facilitar a achega dos datos persoais necesarios, pode descargarse da páxina web do Concello de Ames a **FICHA DE PARTICIPACIÓN NO CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES** que recolle todos os datos e a documentación requirida para poder participar. A dita ficha haberá que cubri-la e asinala. As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

O sobre cos datos persoais e as catro copias do texto introducíranse nun sobre máis grande. No **remite** deste figurará a modalidade (**narrativa ou poesía**), a **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e o **pseudónimo** (nunca o nome real).

Toda a información relativa a esta convocatoria estará á disposición das persoas interesadas no Servizo de Normalización Lingüística so Concello de Ames co que se poderá contactar a través do enderezo electrónico [normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal) ou do teléfono 662 377 215

#### **SÉTIMA.- Composición do xurado.**

O xurado estará formado por tres membros do ámbito literario e por un/unha responsable municipal, con voz e sen

voto, que actuará como secretario/a. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan ás obras beneficiarias dos premios.

A composición do xurado publicarase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría de Normalización Lingüística.

Non poderán formar parte do xurado as persoas participantes no certame ou as persoas que teñan parentesco en primeiro ou segundo grao con algunha das persoas participantes.

#### **OITAVA.- Criterios de valoración.**

O xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración segundo a súa acreditada discrecionalidade técnica: orixinalidade; calidade lingüística e literaria; composición da obra (cohesión, contido, adecuación e estrutura); así como outros valores artísticos que salienten nos textos presentados.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios que recolle esta convocatoria.

#### **NOVENA.- Procedemento para a concesión dos premios.**

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames.

O Servizo de Normalización Lingüística porá a disposición do xurado todos os textos recibidos dentro do prazo establecido. Se algunha das obras incumpre os requisitos establecidos faráselle saber ao xurado para que determine se procede ou non a súa exclusión.

As deliberacións do xurado son secretas e non se establecerá comunicación de ningún tipo con ningunha das persoas participantes.

Unha vez se ditamine cales son as obras propostas para recibir os premios, o secretario ou secretaria do xurado abrirá, en presenza do resto de membros, as plicas correspondentes para descubrir a autoría de cada un dos textos seleccionados.

O xurado proporalle as obras gañadoras á Xunta de Goberno Local, o órgano municipal competente para a concesión e resolución definitiva desta convocatoria.

Prescindirase do trámite de audiencia na proposta de resolución, ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas aspirantes.

A Xunta de Goberno Local aprobará a concesión de premios propostos polo xurado. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames e a dita publicación servirá de notificación.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, e tendo en conta que a decisión do xurado sobre as obras gañadoras é inapelable, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

A decisión do xurado anunciarase publicamente o **10 de xuño de 2026** e os premios entregaranse o **13 de xuño de 2026** nun acto público que se celebrará na Casa da Cultura do Milladoiro.

Non se considerarán outorgados os premios ata que a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames aprobe e publique a concesión.

#### **DÉCIMA.- Propiedade dos traballos.**

O Concello de Ames publicará os traballos premiados nunha antoloxía, sen apercibimento de dereitos de autoría e compensando os autores ou autoras con cinco exemplares do volume que se edite. Para esta publicación, **as persoas gañadoras deberán entregar os textos en formato dixital**. Se o autor ou autora publica pola súa conta algún dos textos gañadores, deberá facer referencia ao premio obtido neste certame.

As obras poderán retirarse, logo de solicitalo, dentro dos tres meses posteriores á publicación da decisión do xurado. Transcorrido ese prazo, os traballos que non obtivesen premio destruíranse. O Concello de Ames non manterá correspondencia cos autores e autoras dos textos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Medios de notificación e publicidade.**

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, o texto íntegro poderá consultarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Pagamentos e reintegros.**

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indicase a persoa premiada.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMO TERCEIRA- Publicación das subvencións concedidas e incorporación ao rexistro publico de subvencións.**

Para os efectos da salvagarda do dereito dos e das participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

A cesión de datos de carácter persoal que, en virtude do contido no citado artigo debe efectuarse, á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

Segundo o artigo 30 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

2. En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos**

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público, fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

#### **DÉCIMO QUINTA.- Órganos de control das achegas concedidas.**

As persoas beneficiarias dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (fundamentalmente na Disposición Adicional Primeira), nas Bases de execución do orzamento

xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

## ANEXO II

### FICHA DE PARTICIPACIÓN NO XXIII CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES

TÍTULO DO TEXTO PRESENTADO:

MODALIDADE:  POESÍA  PROSA

CATEGORÍA :  1ª (ata os 13 anos)  2ª (dos 14 aos 17 anos)  3ª (18 anos ou máis)

NOME E APELIDOS DO/A AUTOR/A:

PSEUDÓNIMO:

DNI:

IDADE:

TELÉFONO(S):

ENDEREZO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL PARA AUTORES/AS MENORES DE IDADE

NOME E APELIDOS (nai, pai ou titor/a):

DNI:

TELÉFONO(S):

ENDEREZO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

*En relación á convocatoria do XXIII Certame Literario Concello de Ames, a persoa interesada, no caso de ser maior de idade, ou o/a representante legal, se é o caso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:***

1º. *Que coñece e acepta todo o recollido nas bases do certame.*

2º. *Que acepta e autoriza a súa participación no certame ou a da persoa menor de idade que legalmente representa.*

3º. *Que, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033, xeral de subvencións, non está incurso en ningún dos supostos que lle impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións das Administracións Públicas, e que se compromete a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.*

4º. *Que se atopa ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Ames e coa Seguridade Social, e que se compromete a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.*

5º. *Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames*

poida acordar.

6º Que se atopa ao corrente de pagamento das obrigas por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRE O CONSENTIMENTO EXPRESO</b>	
A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa. No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigas fronte á Seguridade Social	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigas tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

**DECLARO QUE ESTOU INFORMADO/A** de que a participación na gala de entrega de premios do certame literario poderá implicar a **captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc.** (en diante, "imaxes") das persoas participantes, coa finalidade de difundir publicamente esta actividade.

<b>AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS</b>	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados na epígrafe dos destinatarios	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

As imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, se é o caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive do XXIII Certame Literario Concello de Ames, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de autorizar a difusión das imaxes, estas publicaranse na páxina web e nas redes do Concello de Ames.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza

	do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais">https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais</a>

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**SINATURA:**

Xunto con esta **FICHA, CUBERTA E ASINADA**, debe achegarse a **DOCUMENTACIÓN** que se indica a seguir:

<b>PERSOAS MAIORES DE IDADE</b>	<b>PERSOAS MENORES DE IDADE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>DNI do/a autor/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>DNI do/a autor/a</li> <li>DNI do/a representante legal</li> <li>LIBRO DE FAMILIA ou, se é o caso, outra documentación que acredite a representación legal.</li> </ul>

**\* Ás persoas gañadoras ou ás representantes legais, no caso de seren menores de idade, requiriráselles unha certificación de titularidade bancaria para proceder ao pagamento do premio correspondente.**

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do alcalde, advertindo que a acta da sesión correspondente está pendente de aprobación. A data será a da sinatura dixital.

Visto prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucia Artime Alonso

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
12/03/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97  
12/03/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:  
secretaria  
Alcalde

NOME:  
Lucia Artime Alonso  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC297966707EC5F73449D